

# Diccionario de conceptos históricos

## Prehistoria e Historia Antiga

- **Aula Regia:** Órgano asesor da monarquía visigoda, que consistía nunha asemblea consultiva formada por altos funcionarios, aristócratas e cregos. Na medida en que a monarquía era electiva, a función desta institución era trascendental, posto que incluía a designación dos propios reis ademais do asesoramento legislativo, xudicial, político e militar das decisións que tomaba o rei.
- **Bárbaro:** Termo pexorativo co que os romanos designaban os pobos que vivían fóra das fronteiras do imperio, que non tiñan a cultura nin a lingua romana, e ameazaban as fronteiras romanas con incursións (suevos, vándalos, alanos ...). que provocaron o colapso do comercio romano e o illamento das provincias. Tería un significado de estranxeiro por contraposición coa poboación que tiña o dereito latino ou o dereito de cidadanía romana. Os bárbaros aproveitaron a debilidade económica e militar padecida polo imperio romano a partir da crise do século III para entrar nos seus territorios (limes). Ante a imposibilidade de facer fronte á súa penetración no imperio, os romanos estableceron pactos con algún destes pobos (visigodos). No século V d.C. conseguiron invadir o Imperio romano de Occidente.
- **Castro:** Poboado ou asentamento fortificado prerromano que dá nome á cultura castrexa, que se atopaba no noroeste peninsular. Atópanse en lugares estratéxicos (cumios de outeiros, penínsulas costeiras, abas nas montañas do interior), para facilitar a súa defensa (con foxos e sólidas murallas) e o control visual do territorio. Neles predominan as vivendas de planta circular construídas con muros de pedra e teitos de palla. A cultura castrexa é o resultado da mestura dos pobos indoeuropeos (denominados popularmente célticos) que chegaron á península a comezos do primeiro milenio a.C. Algúns dos mellor conservados son os de Santa Tegra en Pontevedra e o de Mohías en Asturias.
- **Conventus:** Circunscricións administrativas de carácter xurídico, con sede nas cidades máis significativas, nas que se dividían as provincias do Imperio romano para facilitar as tarefas administrativas, especialmente a administración de xustiza, a recadación de impostos ou as levas militares. A Gallaecia estaba dividida en tres conventus: Bracara Augusta, Asturica Augusta e Lucus Augusta.
- **Economía predadora:** Modo de vida que consiste na obtención de recursos necesarios directamente da natureza, sen un proceso de produción previo, no que os homes eran depredadores, isto é, non producían alimentos e a súa supervivencia baseábase na caza, a pesca e a recolección de froitos. Ademais, practicaban o nomadismo e desprazábanse seguindo os rabaños de animais ou cando as condicións climáticas lles resultaban moi desfavorables. Presentaban unha organización social e colectiva e vivían en pequenos grupos ou bandas, pero sen unha clara división de traballo ou xerarquización social. Este modo de vida é propio do Paleolítico (entre hai 2,5 millóns de anos e o 10.000 aC) e dura ata o Neolítico, cando aparece a agricultura e a gandaría. Os principais restos arqueolóxicos aparecen en xacementos como Atapuerca (restos fósiles e útiles de pedra) ou Altamira (arte rupestre).
- **Guerras Cántabras:** Terceira e derradeira fase da conquista romana da Península Ibérica, desenvolvida a finais do século I aC, entre o 29 e o 19 aC, dirixida polo futuro emperador Octavio Augusto, na que foron sometidos os galaicos, cántabros e astures, que se atopaban nunha zona montañosa de difícil acceso, a cordilleira Cantábrica, que dificultou o avance dos romanos e facilitou a súa resistencia. A partir destas guerras, Roma proclamou a Pax Romana, dando por rematado o seu proceso de expansión territorial. A derradeira batalla destas guerras produciuse no monte Medulio (22 aC), onde os galaicos se suicidaron de xeito masivo para evitar caer como prisioneiros. A xustificación que Roma deu ás guerras foi deter as incursións destes pobos nos territorios meseteños veciños xa controlados polos romanos para aprovisionarse de cereais. Entre as causas profundas salienta a explotación das minas do norte peninsular

- **Megalitismo:** Expresión cultural que xorde no Neolítico e se prolonga ata o Bronce Final, caracterizada polas construcións arquitectónicas feitas con grandes bloques de pedra (denominados megálitos). As principais construcións megalíticas son os enterramentos colectivos (dolmen ou anta en Galicia, mámoa, tholos), o menhir ou pedra fincada e o cromlech ou círculos líticos. Desenvólvese no Mediterráneo e na Europa atlántica. Os dólmenes constan dunha cámara sepulcral precedidas ou non de corredor e o tholos ten falsa cúpula. É posible que os menhires fosen indicadores de camiños ou delimitacións territoriais e que os cromlech estivesen relacionados con cultos propiciatorios do ciclo agrícola. En Galicia salientan as mámoas ou túmulos de terra, que cobren unha cámara sepulcral colectiva (anta ou dolmen), e os petroglifos ou gravados sobre rochas ao aire libre.

# Historia Medieval

- **Carta de Poboamento:** Documentos, tamén chamados foros, nos que os reis outorgaban privilexios e liberdades aos concellos ou municipios para favorecer a repoboación colectiva dos vales do Texo e do Ebro nos séculos XI e XII. Estes garantíanlles aos repoboadores as súas propiedades e liberdade persoal, e a posibilidade de formar nas cidades os seus propios concellos para gobernarse. Estas cartas outorgaban terras, liberaban de taxas e obrigas feudais, regulamentaban as actividades económicas (feiras e mercados), establecían os órganos de goberno (o concello) e as penas que se debían impor polos delitos cometidos.
- **Manso:** Pequena extensión de terra que o señor feudal outorga a un campesiño para a súa explotación e mantemento a cambio da súa conversión en servo, quedando suxeito ás obrigas feudais (pagamento de rendas, traballos de balde, monopolios do señor ...).
- **Marca Hispánica:** Territorio fortemente fortificado comprendido entre a fronteira do Imperio carolinxio con Al-Ándalus ao sur dos Pireneos, establecido por Carlomagno para frear a expansión musulmá e dividido en condados e gobernados por condes dependentes do emperador franco desde finais do século VIII ata a súa independencia efectiva en reinos e condados nos séculos IX e X (Aragón no 820, Pamplona no 830 e os condados cataláns no 988).
- **Mesta:** Asociación de propietarios gandeiros de ovellas meiriñas transhumantes de León e de Castela, esencialmente mosteiros, concellos e nobres, creada no século XIII (1273) por Alfonso X o Sabio, á que lle outorgou importantes prerrogativas e privilexios para organizar a transhumancia, como as vereas (cañadas), os dereitos de paso e pastoreo e a protección de pastores e gandos, en detrimento dos agricultores. Sempre se viu favorecida pola monarquía, tamén propietaria de grandes rabaños, xa que a la era o principal produto de exportación de Castela e proporcionaba ingresos á Coroa. Prosperou especialmente en Castela porque dispoñía de grandes espazos baleiros. Os seus privilexios van desaparecendo a partir do século XVIII. Finalmente, a Mesta é abolida en 1837.
- **Mozárabe:** Cristián de orixe hispanovisigoda que vivía en Al-Ándalus durante a dominación árabe da península ibérica entre os séculos VIII e XI. Aínda que gozaban de tolerancia sobre o seu culto e certa autonomía interna, vivían en barrios diferenciados e estaban obrigados a pagar un imposto ás autoridades musulmá. O seu número foi diminuindo pola progresiva islamización da poboación peninsular coa adopción dos costumes musulmá e a lingua árabe. A convivencia entre mozárabes e musulmáns foi pacífica, pero algúns grupos de mozárabes acabaron fuxindo aos reinos cristiáns do norte da Península, onde desenvolveron un tipo de arte prerrománica que leva o mesmo nome. Coa chegada dos almorábides no século XI, os mozárabes foron deportados masivamente ao norte de África.
- **Presura:** Tipo de repoboación libre, na que o rei autorizaba a establecerse nun determinado territorio que pasaba a ser propiedade de quen o ocupase e cultivase as terras, levada a cabo polos reinos cristiáns do norte nos séculos X e XI que afectou as primeiras terras ocupadas no val do Douro e as zonas ao Sur dos Pireneos, escasamente poboadas, e deu como resultado a existencia de comunidades (aldeas ou pequenas vilas) de campesiños libres e propietarios de parcelas de terra (alodios).

- **Taifas:** Reinos independentes (22) nos que se dividiu Al-Andalus logo da disgregación do califato de Córdoba no ano 1031 (Sevilla, Badaxoz, Toledo, Zaragoza ...). Para evitar a conquista, moitas taifas pagaron parias aos reinos cristiáns para obter protección militar e non ser atacadas. As taifas atopábanse enfrontadas entre si e o seu número foise reducindo co tempo pois as de maior poder anexionaron as máis pequenas. A última taifa en sobrevivir foi o reino nazarí de Granada.

## Séculos XVI e XVII

- **Converso:** Persoa que acepta unha crenza relixiosa diferente (especialmente o cristianismo) á que profesaba anteriormente. Aplícase esencialmente aos musulmáns e xudeus que se converteron ao cristianismo nos séculos XVI e XVII. Moitas das conversións ao cristianismo non foron por convicción senón para evitar persecucións. Xa que logo, moitos conversos seguiron practicando os seus cultos en segredo e moitos destes novos cristiáns foron vítima do tribunal da Inquisición. O incremento do número de xudeus conversos aumentou o odio popular contra eles, acusados de enriquecerse a costa do resto da poboación polas súas actividades artesanais e financeiras.
- **Gran Armada:** Tamén coñecida como Armada Invencible, foi unha gran frota formada por 130 navíos e 25.000 homes, que preparou Filipe II en 1588 para atacar Inglaterra, que estaba enfrontada a España polos seu apoio aos protestantes de Flandres e a súa protección aos corsarios que atacaban os barcos españois. A frota partiu de Lisboa, comandada por Alonso Pérez de Guzmán, duque de Medina Sidonia, para arribar á canle da Mancha onde embarcarían os terzos de Flandres. O ataque fracasou e a decisión de retornar a España dando a volta polas illas británicas fixo que unha parte importante da armada fose desfeita polos temporais. A expedición foi un desastre e a Invencible regresou decimada e vencida. Os ingleses descalificaron a frota denominándoa sarcasticamente “armada invencible”.
- **Mourisco:** Musulmán convertido ao cristianismo. Os mouriscos representaban un número moi importante da poboación en Valencia e o antigo reino de Granada. Non obstante, a súa situación resultaba cada vez máis difícil, xa que se lles acusaba de connivencia cos ataques berberiscos e turcos nas costas mediterráneas. A súa situación empeorou ao aumentar os impostos sobre a seda, unha das súas actividades tradicionais, e ao expropiarlles progresivamente as terras que cultivaban. En 1566 promulgouse un decreto prohibíndolles o uso da súa lingua, a súa forma de vestir e as súas tradicións. Os mouriscos intentaron negociar co rei un pagamento de diñeiro a cambio de conservar o seu estatus tradicional, pero a Coroa rexeitou a proposta. En resposta, os mouriscos andaluces, dirixidos por Aben Humeya, protagonizaron unha insurrección en 1568 que se estendeu polas Alpujarras, aínda que non conseguiu tomar Granada. A revolta foi sufocada case dous anos despois (1570) por Xoán de Austria, fillo natural de Carlos I. Co Decreto da súa expulsión no 1609 se lles obriga a saír da Península só coas pertenzas que poidan cargar.
- **Terzos:** Unidade militar de infantería creada por Carlos I no século XVI, malia que a súa organización xa fora perfilada polos Reis Católicos. Poden considerarse os primeiros exércitos profesionais, estando formados por soldados voluntarios (mercenarios) e de recrutamento (para o que se practicaban levas entre a poboación) de distintas nacionalidades. Estaban asentados fundamentalmente nas posesións españolas en Europa. Destacaba pola súa eficacia e fama os Terzos de Flandres. A unidade estaba organizada en tres seccións, combinando o uso de armas brancas (picas, espadas) coas de fogo (arcabuces, mosquetes). Supuxeron un avance fundamental no proceso de modernización dos exércitos europeos da época. Os terzos consagraron o predominio da infantería fronte á cabaleiría dominante na guerra medieval. Os primeiros terzos organizáronse nos exércitos españois en Italia, e por iso os terzos italianos chamáronse “terzos vellos”.
- **Unión de Armas:** Proxecto elaborado polo Conde Duque de Olivares, valido de Filipe IV, en 1625, que establecía un reparto da carga militar e fiscal entre todos os reinos (ata entón recaían sobre Castela) co fin de tratar de recuperar a hexemonía militar e política española en Europa, debilitada polos enormes recursos utilizados na Guerra dos Trinta Anos. O proxecto establecía a creación dun exército de reserva e tiña unha

importante dimensión política, pois implicaba abolir os particularismos dos reinos que contaban con privilexios institucionais. Baseábase no centralismo administrativo, polo que todos os reinos, vicerreinados e territorios, sen excepción, deberían achegar homes e cartos. Pero as súas esixencias non valoraban a riqueza e poboación de cada un deles, senón só a tradición e as leis propias de cada territorio. Ademais, o proxecto modificaba a estrutura política da Monarquía Hispánica pois eliminaba os privilexios forais dos seus reinos e impuña en todos eles as leis de Castela, as máis favorables para o poder real. Tivo escaso éxito en Aragón e Valencia e xerou unha forte oposición en Cataluña e Portugal, o que contribuíu a alimentar as rebelións destes territorios en 1640.

- **Valido:** Ministro principal do rei, en quen o monarca depositaba toda a súa confianza e delegaba o goberno do país. Na España dos Austrias do século XVII, outórgabaselle o mesmo rango que a un rei, especialmente durante o reinado de Filipe IV, cando gobernaba o seu valido, o conde-duque de Olivares.
- **Xuntas do Reino de Galicia:** Institución, creada en 1528, que actuaba en representación do reino de Galicia ante a Coroa no Antigo Réxime. Estaba presidida polo Gobernador e Capitán Xeral de Galicia e integrada polos deputados das cidades capitais das setes provincias galegas: A Coruña, Betanzos, Mondoñedo, Lugo, Ourense, Tui e Santiago. As Xuntas eran un organismo intermediario entre o Reino de Galicia e a Coroa, encargado de xestionar e poñer en marcha as decisións da Coroa, e tamén de presentar ao monarca as peticións de Galicia. Non tiñan función de goberno, pero si capacidade para conceder diñeiros ao monarca, ordenar levas militares, distribuír cargas fiscais, aconsellar o rei e elaborar informes sobre as necesidades de Galicia. Unha das súas principais reivindicacións foi a concesión a Galicia de voto nas Cortes de Castela, que obtiveron durante o reinado de Felipe IV (1623). Reuniuse por derradeira vez en 1834.

## Século XVIII

- **Antigo Réxime:** Sistema político, económico e social propio dos séculos XVI ao XVIII, caracterizado por unha economía agraria e señorial, unha sociedade xerarquizada en estamentos e un sistema político baseado na monarquía absoluta, que entrou en crise coa Revolución Francesa. A denominación foi utilizada polos revolucionarios franceses para referirse á monarquía de Luís XVI e na actualidade é utilizada polos historiadores para referirse á época moderna.
- **Catastro de Ensenada:** Avaliación da riqueza da Coroa de Castela iniciada en 1749, a instancias do marqués da Ensenada, durante o reinado de Fernando VI, e elaborada durante varios anos co apoio dos intendentos. Tiña como obxectivo a racionalización do sistema fiscal castelán, atendendo á filosofía do reformismo borbónico, e permitir a aplicación da Única Contribución, tributo pensado para substituír as rendas provinciais, pero as protestas dos grupos privilexiados frustraron a súa aplicación. Constitúe unha fonte de grande valor para o estudo da poboación e a economía da época.
- **Decretos de Nova Planta:** Conxunto de normas e decretos promulgados por Felipe V entre 1707 e 1716, a raíz da Guerra de Sucesión (1702-1714), que aboliron os privilexios, as leis propias e as institucións políticas dos territorios da Coroa de Aragón (Valencia e Aragón en 1707, Mallorca en 1715, e Cataluña en 1716), e supuxeron a imposición neles da organización político-administrativa e as leis de Castela e o uso do castelán como lingua administrativa. Xustificáronse polo apoio de Aragón, Valencia, Mallorca e Cataluña ao pretendente Carlos de Austria e supuxeron un avance cara a unha centralización política. Porén, Navarra e as Provincias Vascas conservaron os seus foros pola súa fidelidade a Felipe V.
- **Despotismo ilustrado:** Forma de goberno característica das monarquías absolutas europeas da segunda metade do século XVIII baseada na aplicación polos monarcas absolutos dalgunhas das ideas reformistas propostas polos ilustrados. Recibe este nome porque o monarca aplicou reformas sociais, económicas e educativas baseadas nos principios de racionalización e progreso, sempre que non afectasen aos fundamentos do Antigo Réxime: o poder da Monarquía Absoluta, a existencia da propiedade feudal e o sistema social baseado no privilexio xurídico. Este pensamento podía resumirse nunha frase: “todo para o pobo pero sen o pobo”, pois pretendía promover o benestar dos súbditos sen alterar os principios esenciais

do Antigo Réxime (monarquía absoluta e sociedade estamental). Tivo lugar naqueles países nos que os ilustrados aceptaron que a debilidade da burguesía e a ignorancia das clases populares facían imposible calquera programa de cambio que non fose asumido por un poder forte como o da monarquía. Estas reformas foron paralizadas polo impacto causado polo triunfo da revolución francesa. Carlos III foi un exemplo de déspota ilustrado.

- **Motín de Esquilache:** Levantamento popular en Madrid en 1766, durante o reinado de Carlos III, contra as medidas tomadas polo ministro Esquilache a prol da limpeza e a iluminación urbana e a prohibición de xogos de azar e do uso de armas, sombreiros chambergos (de ala ancha) e capas longas. Nesta revolta uniuse o malestar popular pola carestía e o prezo dos alimentos, froito dunha mala colleita en 1765, da especulación e da paralela liberalización do comercio do trigo, a oposición o excesivo poder dos altos cargos estranxeiros (Grimaldi, Esquilache ...) e a resistencia dos privilexiados, que vían minguados, coas reformas, o seu poder e influencia. A revolta tivo como consecuencia a caída de Esquilache e un xiro no programa reformista, emprendido agora por ministros españois.
- **Paz de Utrecht:** Tratado de paz que pon fin á Guerra de Sucesión Española, asinado en 1713, no que as potencias da Grande Alianza recoñecen a Filipe V como rei de España, con expresa renuncia aos seus dereitos á Coroa de Francia, a cambio de importantes concesións a Austria, que quedou co Milanesado, Flandres, Nápoles e Sardeña, a Gran Bretaña, que recibiu Xibraltar e Menorca, xunto con privilexios comerciais coa América española, e a Savoia, que recibiu Sicilia.
- **Regalismo borbónico:** Defensa da autoridade e prerrogativas do rei fronte a Igrexa a partir da cal Carlos III reclamou o dereito a nomear os cargos eclesiásticos, a controlar a Inquisición e a fundar mosteiros, e combateu tenazmente o intento da Igrexa de constituír un poder dentro do Estado. Nese contexto hai que entender a expulsión da orde dos xesuítas en 1767, unha orde de enorme poder, de directa obediencia ao papado e probable instigadora dos motíns contra Esquilache.